

OS MATERIAIS:

Os obxectos que nos rodean están fabricados con distintos materiais. Os **materiais naturais** obtéñense directamente da natureza. Os **materiais artificiais** fábrícanse a partir doutros materiais.

PROPIEDADES DOS MATERIAIS:

Os materiais teñen diferentes propiedades.

- Hai **materiais resistentes**, como o aceiro, que soportan grandes pesos e non rompen nin se dobran con facilidade.



- Hai **materiais flexibles**, como o algodón e o papel, que poden dobrarse sen romper.



- Hai **materiais elásticos**, como a goma e o caucho, que recuperan a forma tras estiralos.



- Hai **materiais duros**, como o cuarzo, que son difíciles de riscar ou de cortar.



- Hai **materiais transparentes**, como o cristal, que permiten ver a través deles.



Cada material ten ademais unha cor e un olor característicos. Para fabricar un obxecto utilízase o material que ten unhas propiedades máis adecuadas.

1) **Encontra o nome de cinco materiais diferentes e esríbeos.**



2) **Marca en cada caso a opción correcta.**

Un **material resistente...**

☐ pódese dobrar sen que rompa.

☐ Soporta grandes pesos e non rompe nin dobra con facilidade.

Un **material elástico...**

☐ non se pode estirar nin romper.

☐ estírase e despois recupera a súa forma e posición orixinais.

Un **material flexible**...

☐ pódese dobrar sen que rompa.

☐ rompe con facilidade ao dobralo.

3) Pensa como obtemos estes materiais e escríbeos onde corresponda.

MATERIAIS NATURAIS	MATERIAIS ARTIFICIAIS



La



Barro



Cristal



Papel



Madeira



Plástico

4) Le e marca as escolle as opcións incorrectas.

- Un material que se dobra con facilidade é un material...

ríxido

flexible

fráxil

- Un material que se raia con facilidade é un material...

duro

brando

elástico

- Un material que rompe con facilidade é un material...

fráxil

resistente

ríxido

5) Que propiedades ten o caucho? Pensa e marca.



☐ Brando

☐ Flexible

☐ Elástico

☐ Transparente

☐ Duro

☐ Fráxil

6) Pensa en como se obteñen os materiais e une.

Materiais naturais

Fabrícanse a partir doutro materiais.

Materiais artificiais

Utilízanse tal e como os encontramos na natureza.

7) Le e une.

Material elástico

Dóbrase sen chegar a romper.

Material flexible

Recupera a forma despois de estirarse.

Material duro

Soporta grandes pesos sen romper.

Material resistente

Non se risca nin se corta con facilidade.

8) Pensa e completa.

Un material que non é **duro** é .

Un material que non é **flexible** é .

Un material que non é **resistente** é .

9) Que propiedades ten a la? Marca.

☐ É transparente.

☐ É elástica.

☐ É fráxil.

☐ É dura.

☐ É flexible.

☐ É branda.